



Ola a tod@s

Por fin chegou a derradeira semana deste curso tan raro!!

E para celebrar esta recta final, imos facer algo diferente, pero tampouco podemos deixar de facer nada. Se estiveramos no cole tampouco utilizaríamos moito o libro e a libreta, andaríamos recollendo, ensaiado, facendo debuxos e notas de despedida... Por iso propóñovos, unha serie de retos para que sigades pensando un pouco máis, pero de xeito distinto.

Hoxe toca PAPIROFLEXIA! Lembrades o día que fomos a Ferrol A Fundación e participamos nun obradoiro de papiroflexia? Pois ides practicar un pouco!

RETO DE PAPIROFLEXIA: navega un pouco pola rede e busca tutoriais en vídeo ou imaxes, como ti queiras sobre este tema. Ou igual tes algún libro na casa. Pois ben, tes que facer **tres figuras diferentes de animais**, pero non vaias facer todos dos faciliños, busca de niveis de dificultade diferentes, pero fainos ti, non fagas trampa! Unha vez que remates lembra decoralos ou pintar o necesario para que queden bonitos e vistosos.

Cando teñas montado o teu zoolóxico, fai unha foto onde saias ti cos tres bichiños e envíama!!

Unha aperta!!